

Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

*AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/
AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN
INFANTIL (2A ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA. CURSO 2020-2021*

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS,
MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES
PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA),
EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO
- CURSO 2020-2021**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Ares. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Dacordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

B A S E S

PRIMEIRA.—Obxecto e finalidade

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2020-2021.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.—Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, etc.).

2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.—Publicidade e prazo

A publicación das presentes Bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no BOP de Pontevedra. Anunciarase igualmente no BOP o prazo de presentación de solicitudes.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17. 3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións-BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na paxina web municipal e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello, no taboleiro oficial de anuncios e nos Centros Municipais de Servizos Sociais, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión de municipal, colexio, finalidade da subvención (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo— ou lista de agarda).

CUARTA.—Destinatarios de comedor

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse subvencións para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2020-2021 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa): 3 a 5 anos
- Educación Primaria (1º a 6º): 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º): 12 a 16 anos

QUINTA.—Compatibilidade e tratamento fiscal

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través de FOANPA, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumpriran os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.

Segundo a consulta da Dirección Xeral de Tributos V1049-17, as axudas municipais para a compra de libros de texto e material curricular están exentas de IRPF.

SEXTA.—Requisitos xerais

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).

b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.

c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.

d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2019), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2020.

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolledores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que concorra esta circunstancia.

Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.—Solicitude e documentación

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos, sempre que non consten xa na base de datos do Departamento de Benestar Social.

7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Departamento.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2019 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (*).

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6. De ser o caso, copia do contrato de aluguer e dous xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous meses inmediatamente anteriores a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ser o caso, de ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).

Fotocopia dos recibos de pagamento dos dous meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.

Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.

Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.—Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

NOVENA.—Tramitación e subsanación de solicitudes

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

DECIMA.—Criterios de valoración

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos do ano 2019 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, letra f), a renda per cápita considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2020.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.—Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.—Tramitación e resolución das axudas

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda per cápita anual da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de documento na xestión de municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Superar os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
 - Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
 - Libros: o curso que se solicita non é subvencionado neste programa.
 - Libros: na modalidade excepcional, non son subvencionables.

— Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar (ata o 1 de novembro), comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“Becas libros e comedor”) do orzamento de Benestar Social do Concello.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política de Benestar Social resolverá a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.—Contía, pagamento das axudas e xustificación**— Contía para libros e material escolar:**

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 85,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/á profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

— Contía para comedor:

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de corenta e un euros (41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán vintenove euros (29€) por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

— Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

— Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

— Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

— Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaránse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

Baixas que se van producindo ó longo do curso.

Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasládase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.

Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Departamento de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera. Estas listaxes serán remitidas ó Concello unha vez asinadas polo pai, nai ou titor.

As direccións dos centros emitirán dúas certificacións ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A primeira certificación xustificará os fondos das axudas de comedor do primeiro cuadrimestre do curso (setembro-décembro).

A segunda certificación emitirase á finalización do curso e fará referencia ó período xaneiro-xuño.



Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

DÉCIMO CUARTA.—Reclamacións

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.—Obrigas dos/as beneficiarios/as

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas Bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (41€/mes, agás os meses de decembro e abril) , ten a obriga de gastar o importe total mensual da subvención dentro do mes.

Comunicar ó Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa

O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

O pai, nai ou titor están obrigados a asinar as listas da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.

O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir

DÉCIMO SEXTA.—Revogación e réxime sancionador

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.—Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Venres, 29 de maio de 2020

Núm. 102

Vigo, [data da sinatura electrónica]
A DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL,
Asdo.: M^a Jesús Sanromán Varela

Vigo, [data da sinatura electrónica]
A XEFA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Paz Fernández Fernández

CONFORME:

O XEFE DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Jesús Núñez-Torrón López

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:AA0LE3JUNF4BNIMEKX

